

UN RETRATO DE CASTELAO OBTIDO NA SÚA INFANCIA

Por MANUEL ESPÍÑA GAMALLO



*Retrato de Castelao, feito pouco antes de embarcar por primeira vez
prá América. (Regalo da súa irmá Teresa á Academia Gallega, Rian-
xo, 1975).*

Bó regalo certamente, pra cantos amamos ao irmán Daniel e o temos como espello pra ensaminar as nosas aitudes e coma modelo a quen imitar.

A súa ampla testa fálanos da súa largura de miras, do seu espírito liberal e da súa intelixencia e cultura tan universaes.

A súa mirada tristeira parece amostar os primeiros sufrimentos de morriña pola Terra Nai e polas causas e as consecuencias da emigración imposta. Pero eses ollos transparentes, fiestas da súa sinceridade integral, parecen estar lendo a solución máis fonda de tantos problemas. E, ao mirar cara o infinito, estános amostando a universalidade do seu amor, que estivo sempre por riba de tódolos localismos e partidismos pechados.

O narís reito como a reitude da súa vida, os beizos abertos porque iba ser coma un libro aberto no que todos poden adeprender. O seu corpo firme coma decindo: "Eiquí estou disposto a todo pola miña Terra". A boina ben chantada nun neno de pouquiños anos, era o que lle faltaba pra ser un retrato perfecto da Galeguidade.

Pero o máis fondamente simbólico e sinificativo parece ser esa cadeira que agarra coma un bastón coa man dereita. Podía ser a cadeira dun cacique, que fuxiu coma por arte de maxia, deixando o seu manteu, debido á forza liberadora que xa entón saía deste neno.

De fondo podíase crér que está unha arca moi grande. Este neno enchéuna de tesouros: as súas obras literarias e artísticas. E por riba de todo, o exemplo da súa vida incomparábel.